

# **GALICIENCIA**

**ALUMNADO CASTRILLÓN  
COIRO**



A temática elixida para o desafío científico-tecnolóxico da **Galiciencia** 2022 é a **economía circular**.



A economía circular é un modelo de  
producción e consumo que implica  
compartir, arrendar, reutilizar, reparar,  
renovar e reciclar os materiais e produtos  
existentes durante o maior tempo posible

**QUE IMPLICA A ECONOMÍA CIRCULAR?**

# **ECONOMÍA CIRCULAR**

**REDUCIR O  
CONSUMO DE  
RECURSOS**

**RECIRCULAR**



**PRIORIZAR**

**TRATAMENTOS  
AXEITADOS**

FONTE: ALUMNADO CASTRILLÓN COIRO

# PROXECTO: LAVADEIROS SOSTIBLES

## PASO 1: ELEXIMOS UN TEMA


### ¿Como eliximos o tema?

Tras abordar varias temáticas relacionadas coa **reutilización de augas** que chegan aos lavadeiros da comarca do Morrazo sucias/turbias por mor de diferentes obras chegamos a conclusión de que sería boa idea poder **depurar** ditas augas para poder levar a cabo un **cultivo hidropónico**.

Despois dun estudo de campo elaboramos a seguinte maqueta, por suposto, ¡desfrutando!

**TEMA:** LAVADEIROS SOSTIBLES

DESEÑO MAQUETA



## PASO 2

### Xa teño tema. ¿E agora?

En primeiro lugar documentámonos e comprobamos que o noso proxecto non estaba feito e a continuación formulamos a seguinte **hipótese**:

**Podemos depurar a auga sucia/turbia dun lavadeiro para levar a cabo un cultivo hidropónico?**

**E deseñamos a seguinte maqueta de xeito oficial:**

Para saber si a depuradora podería funcionar correctamente levamos a cabo o seguinte deseño experimental desenvolvendo os seguintes prototipos:

#### DEPURADORA




#### CULTIVO HIDROPÓNICO



Así, elaboramos un circuito circular a través do cal depuramos a auga sucia dun lavadeiro da nosa comarca. Dese lavadeiro filtramos a auga mediante unha depuradora reutilizada para que a auga limpa chegue ao cultivo hidropónico. Para que o proceso sexa circular introducimos dous motores que permiten que a auga regrese ao lavadeiro. Estes motores funcionan mediante a electricidade que produce unha pataca conectada a uns cables cocodrilo.

### **MAQUETA PROXECTO:**





## PASO 3

### Xa teño tema. ¿E agora?

En relación á **recollida de resultados** é necesario dicir que ás veces experimentamos complicacións coa depuración da auga. Tras varios intentos e cambios no sistema de filtro natural logramos que o filtrado fose máis limpo.

**Sistema de filtro final:** follas secas, pedras grandes e pequenas, area, algodón.



En relación ao **cultivo hidropónico** experimentamos que se dá con menor dificultade o crecemento de fresas que de leitugas.

Como **conclusión** é necesario facer referencia a que antes da idea inicial xurdiron outras que tivemos que rexeitar por mor de diferentes complicacións e dificultades.



## **Bibliografía e webgrafía**

<https://galiciencia.com/es/>

<https://ecoinventos.com/las-5w-del-cultivo-hidroponico/>

<https://www.rinconeducativo.org/es/recursos-educativos/una-depuradora-casera>

<https://www.youtube.com/>

Youtube en relación á elaboración do circuito para obter unha perspectiva máis experimental.

## **PASO 4**

### **¿Como o presento?**

Vídeo en formato horizontal de máximo 1 minuto de duración.

